

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO

Convenio urbanístico de execución de planeamento entre o concello de Carballo e UFD Distribución Electricidad, S.A.

Expediente: 2025/U039/000003.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 24 de marzo de 2025, acordou aprobar o texto inicial do *Convenio urbanístico de xestión entre o concello de Carballo e UFD Distribución Electricidad, S.A.* para poder desenvolver o Plan especial de reforma interior previsto no PXOM de Carballo e denominado PERI-2 «Casas dos mestres» que foi aprobado definitivamente polo Pleno municipal o 31 de outubro de 2022 (BOP núm. 78, do 25 de abril de 2023). O convenio consiste principalmente na cesión, por parte de Unión Fenosa, da parcela coa referencia catastral 5453502NH2855S, necesaria para a construción do novo equipamento municipal previsto no PERI-2.

Polo que se somete o texto do dito convenio ao trámite de información pública polo prazo dun (1) mes mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión da provincia, co fin de que as persoas que se consideren afectadas por este poidan examinar o documento e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

O documento estará a disposición dos interesados na Oficina Técnica Municipal en horario de 10.00 h ás 12.30 h e neste taboleiro como documento adxunto.

Carballo, 1 de abril de 2025 (asinado dixitalmente á marxe)
O alcalde - Evencio Ferrero Rodríguez